Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 7DG1238GT09Q69EROF9LI3EQ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/09/2026 13:04:50 Página 1 de un total de 6 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Praza número: 26/7003

Categoría: profesor/a axudante doutor/a

Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Documento 2

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 11:30 horas do día 02 de setembro de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia:	**Roberto García Morís**
Secretaría:	**Patricia Suárez Álvarez**
Vogal 1.º:	**Juan Carlos Colomer Rubio**
Vogal 2.º:	**Elisa Navarro Medina**
Vogal 3.º:	**Ana María Hernández Carretero**
Repr. persoas traballadoras:	**Ana Montoya Reyes**

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023. A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso **(Didáctica das Ciencias Sociais, área 210)** multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afín/s multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade/s de coñecemento afín/s a/s seguinte/s: **Didáctica da Lingua e da Literatura.**

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, incluído no anexo I, e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

Praza número: 26/7003

Categoría: profesor/a axudante doutor/a

Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

FORMACIÓN ACADÉMICA. Puntuación máxima: 100 puntos

Expediente académico (grao e mestrado, ou licenciatura). Puntuación máxima: 50 puntos.

Criterios específicos

No caso dos mestrados, valoraranse os mestrados en Didáctica das Ciencias Sociais; e o Mestrado de Secundaria, especialidade de Ciencias Sociais, con afinidade total e multiplicaranse por 1.

Outros mestrados de Ciencias da Educación, multiplicaranse por 0,5.

Os mestrados nas restantes especialidades de coñecemento, entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Tese de doutoramento. Puntuación máxima: 30 puntos

Criterios específicos

Para a valoración da vinculación da tese de doutoramento coa especialidade de coñecemento da praza (Didáctica das Ciencias Sociais), terase en conta o asunto e os contidos da tese:

Teses de Didáctica das Ciencias Sociais multiplicaranse por 1.

Teses que corresponden a outras áreas de coñecemento, pero que tamén aborden cuestións propias do ámbito das Ciencias da Educación, multiplicaranse por 0,5.

Teses correspondentes a outras áreas de coñecemento que non aborden cuestións propias do ámbito das Ciencias da Educación entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Outras titulacións universitarias relevantes para a praza. Puntuación máxima: 10 puntos

Só se terán en conta as titulacións non valoradas en I.1 e I.2 (nivel de diplomatura, grao, licenciatura, mestrado ou doutoramento): 2 puntos por cada titulación.

Criterios específicos

As Diplomaturas, Graos, Licenciaturas e Mestrados do ámbito humanístico e social relevantes para as materias da área de coñecemento de Didáctica das Ciencias Sociais multiplicaranse por 1.

As Diplomaturas, Graos, Licenciaturas e Mestrados do ámbito do ámbito humanístico e social, relacionadas coas materias da área de coñecemento de Didáctica das Ciencias Sociais, multiplicaranse por 0,5.

As Diplomaturas, Graos, Licenciaturas e Mestrados das restantes especialidades de coñecemento, sen relación coas materias da área de coñecemento de Didáctica das Ciencias Sociais, entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

No caso das teses aplicarase a afinidade establecida no punto 2 de Tese de doutoramento.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 7DG1238GT09Q69EROF9LI3EQ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/09/2026 13:04:50 Página 2 de un total de 6 página(s).

Praza número: 26/7003

Categoría: profesor/a axudante doutor/a

Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Neste apartado só se valorarán manuais ou capítulos de manuais destinados a materias de grao e mestrado, segundo a afinidade coa área de coñecemento establecida e a calidade da publicación. Se a autoría non fose única, dividirase a puntuación polo número de persoas autoras. Non se valorará máis dun capítulo por manual universitario.

Autoría manual universitario (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais): 4 puntos por publicación.

Autoría manual universitario (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais): 3 puntos por contribución.

Autoría manual universitario (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais): 2 puntos por contribución.

Autoría manual universitario completo fóra de SPI: até 1 puntos por contribución.

Autoría de capítulo en manual universitario (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais): 1 punto por contribución.

Autoría de capítulo en manual universitario (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais): 0,75 puntos por contribución.

Autoría de capítulo en manual universitario (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais): 0,5 puntos por contribución.

Autoría de capítulo en manual universitario fóra de SPI: até 0,25 puntos por contribución.

Edición/Coord. (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais): 2 puntos por contribución.

Edición/Coord. (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais): 1 punto por contribución.

Edición/Coord. (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais): 0,5 puntos por contribución.

Nota: No caso das editoriais non contempladas no SPI, serán atendidos os seguintes criterios: colección universitaria, presenza de comité científico internacional, sistema de selección de orixinais público con avaliación externa previa á publicación.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:
Coordinación ou dirección dun proxecto de innovación docente cunha duración mínima dun curso: 1 punto.

Participación nun proxecto de innovación docente cunha duración mínima dun curso: 0,5 puntos.

Coordinación ou dirección dun grupo de innovación docente cunha duración mínima dun curso: 1 punto.

Participación nun grupo de innovación docente cunha duración mínima dun curso: 0,5 puntos.

Outras actividades de innovación docente: até 0,2 puntos.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 7DG1238GT09Q69EROF9LI3EQ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/09/2026 13:04:50 Página 3 de un total de 6 página(s).

Praza número: 26/7003

Categoría: profesor/a axudante doutor/a

Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:
0,25 puntos por mes en centros de recoñecido prestixio.

Nota: É necesario achegar o permiso oficial do centro de orixe, a invitación do centro receptor e a certificación deste sobre a realización da estadía e duración desta.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

0,125 puntos por semana, con acreditación do traballo desenvolvido.

Nota. Non se valorarán simultaneamente como estadía docente e como mobilidade STA os mesmos días ou actividades.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Premio á docencia universitaria de calidade e á innovación de iniciativas docentes: 0,25 puntos por premio.

Artigos de docencia publicados en revistas académicas (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado) Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Só se valorarán nestes apartados artigos de innovación docente.

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science.

Os artigos publicados en revistas científicas non incluídas en Scopus ou na Web of Science, mais que conten con indicadores de calidade e revisión por pares valoraranse cun máximo de 0,5 puntos se están incluídas noutras bases de datos de referencia para os respectivos ámbitos de coñecemento: Dialnet Métricas. IDR (Índice Dialnet de Revistas) (para Ciencias Sociais, Humanidades e Ciencias Xurídicas), ERIHPlus (para Ciencias Xurídicas), RIBA Online catalogue (para Arquitectura e Urbanismo), selo de calidade FECYT.

Formación docente impartida (1 punto por cada bloque completo de 50 horas). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Valoraranse neste apartado os cursos de formación docente universitaria debidamente certificados.

Formación docente ou de especialización recibida (1 punto por cada bloque completo de 100 horas). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Valoraranse neste apartado os cursos de formación docente universitaria debidamente certificados.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de persoas autoras da publicación, e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 7DG1238GT09Q69EROF9LI3EQ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/09/2026 13:04:50 Página 4 de un total de 6 página(s).

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science.

Os artigos publicados en revistas científicas non incluídas en Scopus ou na Web of Science, mais que conten con indicadores de calidade e revisión por pares valoraranse cun máximo de 0,5 puntos se están incluídas noutras bases de datos de referencia para os respectivos ámbitos de coñecemento: Dialnet Métricas. IDR (Índice Dialnet de Revistas) (para Ciencias Sociais, Humanidades e Ciencias Xurídicas), ERIHPlus (para Ciencias Xurídicas), RIBA Online catalogue (para Arquitectura e Urbanismo), selo de calidade FECYT.

A valoración conxunta destes artigos do segundp parágrafo non poderá superar os 5 puntos.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio da editorial. A puntuación máxima dun capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Autoría libro indexado en SPI: 5 puntos por publicación

Autoría de capítulo en libro indexado en SPI: 1 punto por contribución.

Autoría de libro fora de SPI: até 2 puntos por contribución.

Autoría de capítulo fora de SPI: até 0,50 puntos por contribución.

Edición/Coord. Libro indexado en SPI: 2 puntos por contribución.

Edición/Coord. de libro fora de SPI: 0,5 puntos por contribución.

Nota: No caso das editoriais non contempladas no SPI, serán atendidos os seguintes criterios: de comité científico, sistema de selección de orixinais público con avaliación externa previa á publicación.

Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Só se poderán presentar un máximo de 10 contribucións, co límite dunha comunicación por congreso. Non se valorarán os posters.

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos a que se sumarán outros 0,5 puntos se recibiu algún premio.

Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Sólo podrá presentar un máximo de 5 méritos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Transferencia:

- Patentes, rexistros da propiedade intelectual: até 1 punto por contribución.

- Materiais e libros de texto orientados á docencia non universitaria: até 1 punto por contribución.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 7DG1238GT09Q69EROF9LI3EQ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/09/2026 13:04:50 Página 5 de un total de 6 página(s).

Praza número: 26/7003

Categoría: profesor/a axudante doutor/a

Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

- Comisariado ou organización de exposicións: até 0,5 puntos por contribución.
- Outras actividades de transferencia: até 0,5 puntos.

Divulgación:

- Publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados: até 0,25 puntos.
- Impartición de conferencias, cursos e seminarios de divulgación científica: até 0,5 puntos.
- Organización de xornadas de divulgación científica: até 0,25 puntos.

Nota. A puntuación outorgarase en función da calidade, relevancia e duración do mérito, así como da súa ligazón coa praza en concurso.

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100

Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valorarase a experiencia profesional, incluída a docencia regrada non universitaria, nas etapas de educación infantil e primaria y na especialidade de Ciencias Sociais, Xeografia e historia no ensino secundario. Tamén se valorará o traballo nos departamentos de educación dos museos ou os contratos como persoal educador en programas ou museos relacionados coa área, así como os contratos como persoal técnico e investigador no campo das Didácticas específicas. A valoración máxima será de 5 puntos por ano con dedicación a tempo completo; no caso de dedicación a tempo parcial ou de períodos inferiores a un ano, a valoración será proporcional.

A Coruña, 02 de setembro de 2026.

A presidencia, A secretaría,

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 7DG1238GT09Q69EROF9LI3EQ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 02/09/2026 13:04:50 Página 6 de un total de 6 página(s).